

NOTA DE PRENSA

Logo dun tratamento de nove días, as augas termais melloran a saúde dos nenos que padecen patoloxías respiratorias como rinite alérxica, asma ou bronquiolite

Logra reducirse a súa asistencia continuada aos servizos de urxencias médicas

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2015 (Vía Láctea Comunicación).- No marco da Cátedra de Hidroloxía Médica da Universidade de Santiago e a Asociación de Balnearios de Galicia, o balneario de Caldelas de Tui acolle esta fin de semana unhas xornadas sobre a importancia da balneoterapia para o tratar patoloxías respiratorias en nenos e adultos. Un grupo de futuros médicos, que se están a formar na cura termal, coñecerán o valor terapéutico das augas mineiromedicinais en relación a estas doenzas. As xornadas comezan mañá venres pola tarde e prolongaranse durante todo o sábado.

O doutor **Elías Festa Cayuela**, director médico do balneario de Caldelas de Tui, explica que as patoloxías de tipo respiratorio máis habituais que adoitan tratarse nos balnearios no caso das persoas adultas son a bronquite crónica e a enfermidade pulmonar obstrutiva crónica, máis coñecida como EPOC, unha doenza que causa dificultade para respirar e que ademais empeora co paso do tempo. “Cos tratamentos termais lógrase mellorar tanto o estado de saúde como a calidade de vida dos pacientes, ao tempo que se reduce a inxesta de medicamentos” -salienta o doutor-.

No caso dos nenos, acoden aos balnearios sobre todo con rinite alérxica, asma infantil e bronquiolite. “Despois do primeiro tratamento termal apréciase unha gran melloría nos pequenos, co que se consegue reducir a súa asistencia continuada aos servizos de urxencias médicas, ao tempo que se facilita o proceso de maduración dos nenos” -asegura o doutor-. Segundo os datos aportados polo doutor **Festa**, aproximadamente o 40% dos pacientes que recibe o balneario de Caldelas de Tui son nenos.

Os expertos médicos indican que, para que os tratamentos termais sexan eficaces de cara a combater este tipo de patoloxías respiratorias, cómpre unha sesión diaria durante un total de 9 días. En cada unha destas sesións aplícanse varios tratamentos en función da doenza e das características do paciente. É necesaria unha consulta médica previa co facultativo do balneario, que determinará o tipo de tratamento que se debe seguir en cada caso.

O tipo de augas que se empregan para abordar as enfermidades do aparato respiratorio son as sulfuradas e as clorudadas. Estas augas aplícanse a través dunha serie de técnicas, en particular inhalacións, aerosois e duchas nasais.

“É fundamental que os futuros médicos coñezan que existen alternativas terapéuticas ao consumo de fármacos para abordar determinadas doenzas e con resultados efectivos” -afirma o doutor **Festa**-.